

INFORMACIÓN DE INTERESE SOBRE COMO SE PUNTÚAN AS SOLICITUDES

Baremo establecido no Regulamento de organización e funcionamento das Escolas Infantís Municipais publicado no BOP da Coruña do 07/12/2015 e as súas modificacións do 29/10/2018 e do 17/02/2020, Anexo I.

a. Situación sociofamiliar

Por cada membro da unidade familiar menor de 18 anos, incluído a/o solicitante	2 puntos
Por cada persoa que, non formando parte da unidade familiar, están a cargo dela (1)	1 punto
No caso de que a/o nena/o nacesse dun parto múltiple	1 punto
Por cada membro da unidade familiar, incluída/o a/o solicitante, con discapacidade recoñecida, enfermidade que requira internamento periódico, alcoholismo ou drogodependencia	2 puntos
Pola condición de familia monoparental (2)	3 puntos
Por ausencia do fogar de ambos os dous membros parentais	6 puntos
Pola condición de familia numerosa	3 puntos
Calquera outra circunstancia familiar grave debidamente acreditada	Ata 3 puntos

(1) Persoas tuteladas ou con unha dependencia económica total da unidade familiar que non se correspondan coas consideradas como membros desta (pais/nais /responsables legais e fillos/fillas)

(2) Segundo o recollido no artigo 13 da Lei 3/2011 de apoio á familia e á convivencia de Galicia (redacción dada pola Lei 5/2021).

b. Situación laboral familiar (familias monoparentais adxudícaselle a puntuación computando por dous)

Ocupación laboral 1º proxenitora/proxenitor ou responsable legal	4 puntos
Ocupación laboral 2º proxenitora/proxenitor ou responsable legal	4 puntos
Desemprego 1º proxenitora/proxenitor ou responsable legal	2 puntos
Desemprego 1º proxenitora/proxenitor ou responsable legal	2 puntos

c. Renda familiar

RPC respecto o IPREM*	RPC Equivalencia en euros		Puntuación
	Desde	ata	
Inferior ao 25%	0,00 €	149,99 €	+ 4
Entre o 25% e o 50%	150,00 €	300,00 €	+ 3
Superior ao 50% e inferior ao 75%	300,01 €	449,99 €	+ 2
Entre o 75% e o 100%	450,00 €	600,00 €	+ 1
Superior ao 100% e inferior ao 125%	600,01 €	749,99 €	- 1
Entre o 125% e o 150%	750,00 €	900,00 €	- 2
Superior ao 150% e inferior ao 200%	900,01 €	1.199,99 €	- 3
Igual ou superior ao 200%	1.200,00 €	-	- 4

Pasos para o cálculo da renda per cápita (RPC):

- Sumar ingresos anuais da unidade familiar.
- Dividir entre 12.
- Dividir entre o número de membros.

No caso de familias monoparentais incrementarase en 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.

* IPREM: Indicador público de rendas a efectos múltiples. En 2023 contía mensual igual a 600,00 euros.